

## **Unha vez máis sobre a correlación entre paremioloxía e fraseoloxía**

Marina Kótova<sup>1</sup>

Sankt-Peterburgskii Gosudárstvennii Universitet

Neste artigo revélanse os trazos do proverbio (como unidade do nivel paremiolóxico da lingua) e os do dito (como unidade do nivel fraseolóxico da lingua), servindo de base o material eslavo. Para fundamenta-lo concepto de normatividade do proverbio, derivada do seu uso, a autora utiliza como exemplo o seu propio dicionario de proverbios ruso-eslavo coas equivalencias inglesas.

Palabras clave: paremioloxía, fraseoloxía, lingüística aplicada, tradución.

This article reveals the features of the proverb (as a unit of the paremiological level of the language) and the features of the idiom (as a unit of the phraseological level of the language), operating with some facts of the Slavic languages. Using as an example her own Russian-Slavic Proverbs Dictionary with the English Equivalents, the author substantiates the notion of the proverb's norm as derived from their usage.

Key words: paremiology, phraseology, applied linguistics, translation studies.

A paremioloxía, disciplina filolóxica que estuda as paremias, atrae a atención tanto dos folcloristas como dos lingüistas pois, o mesmo cá estilística, reúne en si os métodos de investigación propios da historia da literatura e da lingüística.

Os folcloristas estudan, dentro dos límites da paremioloxía, proverbios, chanzas, adaxios, trabalinguas, adiviñas, fábulas, é dicir, xéneros menores do folclore. Os lingüistas-paremiólogos, pola súa banda, estudan en principio os proverbios, pero cómpre ter en conta que algúns deses investigadores definen frecuentemente o seu propio obxecto de estudo como “proverbios e ditos”.

A palabra *proverbio* enténdese aquí como un grupo estable de palabras que posúe estrutura sintáctica de oración terminada, carácter aforístico e valor recto ou figurado, que denomina unha situación, que contén unha sentenza moralista ou ben unha

---

<sup>1</sup> Tradución de Ekaterina Guerbek.

xeneralización filosófica e que entrou na lingua sexa dende o folclore, sexa dende outras fontes. O *dito*, en cambio, considérase como termo idéntico a *fraseoloxismo* ou *unidade fraseolóxica* (UF). Desta maneira, o proverbio é en realidade o obxecto de estudo da paremioloxía, mentres que o dito é o obxecto de estudo da fraseoloxía. No entanto, o certo é que a aproximación lingüística cara ó estudo da paremia ten moito en común coa teoría e práctica da fraseoloxía do século XX, que se inicia coas obras de Ch. Bally.

A cuestión do lugar da paremioloxía na lingüística, do seu obxecto de estudo, da súa correlación coa fraseoloxía e dos fundamentos teóricos da paremiografía está ata o de agora sen resolver.

### 1. Paremiografía e fraseografía

Na fala coloquial cotiá, así como nas páxinas das edicións populares, os termos *proverbio* e *dito* úsanse a miúdo como sinónimos intercambiables, de xeito que baixo o termo *dito* se sobreentende o *proverbio*.

Na lingüística, os partidarios da concepción ampla da fraseoloxía consideran os proverbios como fraseoloxismos, partindo, probablemente, do feito de que a UF e o proverbio posúen trazos comúns: reproducibilidade, estabilidade relativa (e ó mesmo tempo tendencia ás transformacións), expresividade e, frecuentemente, plano de expresión figurado. Aparentemente, a natureza semántica do fraseoloxismo e do proverbio percíbese tamén como idéntica, aínda que é precisamente o carácter especial do significado da UF e do proverbio o que os sitúa en niveis lingüísticos distintos, contiguos e estreitamente vinculados entre eles pero diferentes. É doado comprobalo comparando os significados dun proverbio e dun fraseoloxismo derivado del (formado como resultado dunha comprensión ou implicación daquel):

|               |   |   |
|---------------|---|---|
| _____ a _____ | <i>agarrarse a unha palliña</i>                     | ‘buscar un apoio, intentar salvarse’  |
| _____ - _____ | <i>O que está a afogar, agárrase a unha palliña</i> | ‘dise dunha persoa irremediabilmente perdida, condenada, que intenta, en balde, atopar un modo de salvarse’ |

O fraseoloxismo expresa unha noción; o proverbio denomina unha situación. V. I. Dal chamáballe *dito* ó fraseoloxismo e, ademais, contrapuña este ó *proverbio*; isto fai evidente que o proverbio non é idéntico nin ó fraseoloxismo, nin tampouco ó dito no sentido rigoroso que Dal lle daba a esa palabra.

Por outra banda, a última década caracterízase polo crecemento do interese pola creación de dicionarios de proverbios, bilingües e multilingües, con material puramente eslavo, ou ben con achegas doutras linguas. A creación de dicionarios fraseolóxicos provocou o desenvolvemento da fraseografía (é dicir, lexicografía fraseolóxica). Ben, pois unha parte dos fraseólogos, os que inclúen a paremioloxía na fraseoloxía, consideran que o problema da elaboración de dicionarios de proverbios debe ser atribuído á fraseografía. Outros investigadores, os que consideran a fraseoloxía e a paremioloxía como dúas áreas separadas da lingüística, asígnanlle a tarefa á paremiografía, ciencia da elaboración de dicionarios de proverbios, que actualmente se atopa na etapa de formación.

A tradición de dicionarios de proverbios das linguas eslavas tivo o seu inicio entre o século XVI e o XIX. Durante moito tempo, un dos principios fundamentais da paremiografía foi o carácter enciclopédico das obras, isto é, a máxima representatividade do material recollido, moi heteroxéneo nas súas fontes: os proverbios, ditos, trabalinguas, adiviñas ou os prognósticos meteorolóxicos, é dicir, as paremias de tódolos tipos posibles, en calidade de xéneros menores do folclore, incluíanse en tales recompilacións como perlas inestimables da creación popular. Ata os anos 70 do século XX, ninguén puña en cuestión esta tendencia dos recompiladores de proverbios de lles da-la máxima plenitude de corpo ós dicionarios. Tal tendencia unía os proverbistas-fraseólogos (V. P. Zhúkov) e os proverbistas-folcloristas (M. M. Paziak).

A partir dos anos 70 do século XX (dende o momento en que G. L. Permiakov descobre o mínimo paremiolóxico da lingua rusa), o principio da máxima plenitude das recompilacións de proverbios deixa de ser respectado por tódolos creadores de dicionarios de proverbios: na selección das paremias, os autores empezan a considerar que o principio máis importante é o uso dos proverbios, é dicir, a súa frecuencia nas linguas modernas (compárense os dicionarios de S. Vlághev, M. Iu. Kótova, D. Bittnerová e F. Schindler e outros). A cuestión da elaboración dun mínimo paremiolóxico das linguas eslavas foi formulado, como se indicou, por G. L. Permiakov e, posteriormente, volveuse sobre el en máis dunha ocasión tanto nas obras da autora destas liñas como nas doutros investigadores no estranxeiro.

A publicación das citadas obras paremiográficas abre as posibilidades para a comparación dos mínimos paremiolóxicos das linguas eslavas, e ademais, crea perspectivas de desenvolvemento da paremiografía eslava actual, a base dos mínimos paremiolóxicos eslavos que se están elaborando nas investigacións paremiolóxicas.

## 2. Universais paremiolóxicos

Na paremioloxía, os proverbios considéranse como unidades do *nivel paremiolóxic* das linguas. A existencia deste nivel quedou convincentemente xustificada nas obras de G. L. Permiakov. O argumento principal que este autor proporcionaba en prol da existencia do dito nivel paremiolóxico era a presenza de sinónimos, antónimos e homónimos entre os proverbios de calquera lingua. Ademais, Permiakov resaltaba o carácter peculiar da semántica de proverbio e sinalaba a heteroxeneidade da paremia, derivada do seu significado. Entre as sentenzas proverbiais, G. L. Permiakov destacaba os proverbios (proverbios propiamente ditos, con significado figurado), os aforismos populares, con significado recto, e as sentenzas indivisibles. Como proverbios propiamente ditos, consideraba non só ditos equivalentes a fraseoloxismos, do tipo de:

|       |  |   |
|-------|--|---|
| _____ | <i>choia branca</i>                          | ‘persoa que destaca entre outras ó seu redor, que non é coma os máis’ |
| _____ | reparti-la pel do oso que aínda non se matou | ‘reparti-los beneficios que aínda non se conseguiron’                 |

senón tamén expresións como

Marina Kótova

\_\_\_\_\_, *no ollo alleo ve a palliña, mentres* ‘nota as deficiencias e faltas  
 \_\_\_\_\_, *que no seu propio non percibe o* menores dos máis, mentres que non  
 \_\_\_\_\_ *tronco* percibe as súas propias, que son  
 moito maiores’

ou ben

\_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_, *sacará o nariz –atrancaráselle o* ‘dise dunha situación que non  
 \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ *rabo, sacará o rabo* progresa: mentres avanza nun  
 \_\_\_\_\_ - \_\_\_\_\_ *–atrancaráselle o nariz* aspecto, atrasa noutro’

que caracterizan toda unha situación e, daquela, son proverbios. G. L. Permiakov considera como adaxios UF tales como

\_\_\_\_\_ *nin cara a alí, nin cara a aquí* ‘dise dun feito que non progresa en  
 ningunha dirección’

\_\_\_\_\_ *troca-la ira pola benevolencia* ‘deixar de estar enfadado e volverse  
 bondadoso’

e tamén expresións como

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ *fuches capaz de comezar, sé capaz* ‘o que comezou a facer algo é o  
 \_\_\_\_\_ tamén de rematar responsable de rematalo’

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ *co que temos, con iso mesmo nos* ‘díselles ós visitantes ó respecto  
 \_\_\_\_\_ contentamos dun agasallo non demasiado  
 espléndido’

que posúen os citados trazos do proverbio. Nestes exemplos pódese ver como os termos “proverbio” e “dito” se aproximan no vocabulario dun paremiólogo.

O proverbio, como unidade lingüística, caracterízase por unha serie de trazos obrigatorios (universais paremiolóxicos) que o distinguen doutras unidades, léxicas e fraseolóxicas. En primeiro lugar, cómpre mencionar que o proverbio se compón de unidades léxicas, aínda que ás veces tamén pode incluír fraseoloxismos. Algúns fraseoloxismos xorden mediante a implicación dun proverbio (véxanse as obras de A. A. Potebniá, K. Nícheva e outros). Imos ilustrar esta tese con algúns exemplos seleccionados de dicionarios fraseolóxicos búlgaros, onde o fraseoloxismo vai acompañado por unha referencia ó proverbio do que deriva:

|       |               |   |   |
|-------|---------------|---|---|
| UF    | _____         | <i>tío poderoso</i>                           | ‘persoa próxima e influente, con<br>cuxo apoio se pode contar’                        |
| Prov. | _____, _____  | <i>Se tes un tío poderoso, serás<br/>pope</i> | ‘se utilizas o apoio dos teus<br>parentes, chegarás case tan alto<br>coma eles’       |
| UF    | _____         | <i>costura dobre</i>                          | ‘repetición dalgunha acción,<br>execución duplicada dalgún<br>traballo’               |
| Prov  | _____ - _____ | <i>A costura dobre é máis resistente</i>      | ‘a repetición dunha acción<br>mellora o resultado dun traballo,<br>faino máis sólido’ |

Compárese co ruso

|       |       |  |   |
|-------|-------|--|---|
|       | _____ | <i>A papa non a estragues coa manteiga</i> | 1. 'cantos máis alimentos de calidade empregues, tanto mellor'<br>2. 'o esmero e os esforzos complementarios melloran ou perfeccionan o resultado dun traballo' |
| UF    | _____ | <i>pedra aguda</i>                         | 'persoa cortante e intratable, coa que é difícil facer algo en común'   |
| Prov. | _____ | <i>Dúas pedras agudas non moen fariña</i>  | 'dise das persoas que non poden levarse ben'  |

Compárese co ruso

|  |       |                                 |  |
|--|-------|---------------------------------|--|
|  | _____ | <i>Bateu a gadaña coa pedra</i> | 'dise das persoas que non poden levarse ben' |
|--|-------|---------------------------------|--|

En tódolos exemplos achegados, a UF forma parte dun proverbio e conforma o significado deste. As definicións de cada un dos citados pares de UF e proverbio correlaciónanse entre si como unha parte e un todo. Da semántica do proverbio, pódese extraer ou implícita-la semántica da correspondente UF (as definicións das UF cítanse polo dicionario fraseolóxico da lingua búlgara de K. Cholakova, K. Nicheva e S. Spasova-Mikhailova). As correlacións entre UF e proverbios arriba mencionadas foron presentadas neste dicionario fraseolóxico búlgaro como exemplos de formación de UF substantivas a base de proverbios. Os investigadores sinalan tres métodos básicos de implícitacion dun proverbio cara ó fraseoloxismo: eliminación da última parte do proverbio, redución da primeira parte, realce da parte central.

As correlacións entre UF e proverbios arriba citadas poden ser complementadas por uns cantos pares semellantes que non se recollen no dicionario fraseolóxico búlgaro. Lembrando o punto de vista de A. A. Potebniá sobre a dificultade de determina-la existencia de implícitacion ou de explicitación, absterémonos de cualifica-lo proverbio como inicial ou final respecto da UF, indicando só algunhas das correlacións atopadas:

|       |       |  |   |
|-------|-------|--|---|
| UF    | _____ | <i>días negros</i>                           | 'período de desgrazas na vida de alguén'  |
| Prov. | _____ | <i>Garda cartos brancos para días negros</i> | 'non esgotes tódalas reservas no período de fartura, pois en tal caso non terás nada para os días de escaseza'  |
| UF    | _____ | <i>auga mansa</i>                            | 'persoa que parece dócil e mansa, pero que, en realidade, pode chegar a facer dano; persoa reservada'   |
| Prov. | _____ | <i>A auga mansa destrúe a ourela</i>         | 'dise dunha persoa reservada e que pasa desapercibida, a cal, no entanto, é capaz de realizar actividades en absoluto segredo, logrando grandes resultados' |

Marina Kótova

|       |       |  |   |
|-------|-------|--|---|
| UF    | _____ | <i>saco<sup>2</sup> de xitano</i>                              | ‘(irónico) algo que contén unha cantidade moi grande de cousas moi diversas e innecesarias’ |
| Prov. | _____ | <i>O saco do frade e o saco do xitano nunca se dan enchido</i> | ‘non hai que consentir tódolos desexos, xa que a súa satisfacción xera novas peticións’     |

Os proverbios vivos, que están en uso e funcionan na lingua, teñen algúns trazos comúns cos fraseoloxismos: estabilidade relativa (modelabilidade e, ó mesmo tempo, tendencia cara ás transformacións), reproducibilidade e expresividade. Non obstante, o proverbio ten unhas características de seu, que o sitúan noutro nivel de lingua, o paremiolóxico. Tales características son, en primeiro lugar, a súa estrutura sintáctica pechada, con forma de oración sintacticamente rematada, e, en segundo lugar, como consecuencia do carácter predicativo propio de todos eles, a súa natureza semántica única, que se diferencia da léxica e da fraseolóxica. Esta última característica é clave para comprender a natureza do proverbio e o seu status lingüístico especial.

A *estrutura semántica do proverbio*, o mesmo cá do lexema ou a do fraseoloxismo, componse das dimensións denotativa, significativa e connotativa. A dimensión denotativa é o significado recto da sentenza (oración); a dimensión significativa é a definición da situación, comprendida a partir do plano literal do proverbio, é dicir, é o plano alegórico; finalmente, a dimensión connotativa maniféstase nos acompañantes semánticos obrigatorios do plano significativo, é dicir, nas asociacións lingüísticas, culturolóxicas, contextuais, que conforman a semántica do proverbio como unidade lingüística. As obras das últimas décadas dedicadas á estrutura semántica dos fraseoloxismos e dos lexemas (V. N. Telia e outros), e tamén dos fraseoloxismos e proverbios (A. M. Meleróvich e outros), confirman o carácter actual das investigacións sobre a semántica das pemiñas.

Os proverbios que non están en uso (esquecidos) son xéneros menores do folclore, recollidos en numerosas recompilacións de proverbios do pasado, e son de interese esencialmente como obxectos de folclorística e non de lingüística. Non debe sorprender que o plano connotativo de tales proverbios sexa totalmente individual para cada receptor concreto. Canto ós proverbios vivos, que están en uso e forman parte do fondo activo dos falantes (o mínimo paremiolóxico), posúen un plano connotativo relativamente estable, con carácter nacional e, a miúdo, tamén internacional. O plano connotativo é realmente dominante fronte a outras dimensións da estrutura semántica do proverbio. Tentaremos argumentar esta hipótese.

En primeiro lugar, o proverbio perde o seu status se non forma parte do acervo lingüístico do falante. É característica de todo proverbio vivo a connotación “coñecibilidade común” (termo de G. L. Permiakov), que é un trazo afín á reproducibilidade, pero coas súas propias peculiaridades. Para os proverbios internacionais, esa connotación de “coñecibilidade común” é limítrofe coa de “recoñecibilidade común”, que apoia a expresividade do proverbio, consolida a súa

---

<sup>2</sup> Zurrón de pel, cunha correa que se pon ó ombro.

función comunicativa e crea as condicións para a súa actualización nun contexto culturolóxico internacional máis amplo. Compárese:

|            |   |  |   |
|------------|---|--|---|
| Bielorruso | <i>_____ i _____ i, _____</i>                     | <i>As promesas son xoguetes, pero son unha ledicia para o parvo</i>    | ‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’ |
| Polaco     | <i>Obiecanki cacanki, a g_upiemu rado_</i>        | <i>As promesas son xoguetes, pero son unha ledicia para o estúpido</i> | ‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’ |
| Serbio     | <i>_____ □ _____</i>                              | <i>A promesa é unha ledicia para os tolos</i>                          | ‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’ |
| Eslovaco   | <i>Sl'uby sa sl'ubujú, blázni sa radujú</i>       | <i>Fanse as promesas, alédanse os tolos</i>                            | ‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’ |
| Ucraino    | <i>_ i _____ □ _____, _ _____ i _____ i _____</i> | <i>As promesas son xoguetes, pero son unha ledicia para o parvo</i>    | ‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’ |
| Checo      | <i>Sliby se slibují, blázni se raduji.</i>        | <i>Fanse as promesas, alédanse os tolos</i>                            | ‘é unha estupidez confiar moito nas promesas’ |

En segundo lugar, o aspecto connotativo, que acompaña ó significativo, adoita manifestarse a través dun espectro moi rico de asociacións que xorden na conciencia do locutor/oínte cando o proverbio denomina unha situación determinada. Desta maneira, a natureza do significativo inflúe tamén na natureza do connotativo.

Unha das connotacións máis importantes, dentro dese espectro de asociacións, é a *connotación didáctica*, moralizadora, sermoneira, que é propia exclusivamente do proverbio. A lección, directa ou velada, está no fundamento de absolutamente tódolos proverbios. A lección supón unha reacción por parte do receptor, e, mentres non vaia acompañada dunha aclaración contextual, o receptor é libre na súa interpretación, de xeito que pode percibila como unha sentenza benévola ou ben como unha mofa burlona. Así ocorre, por exemplo, con

|                                |  |  |
|--------------------------------|--|--|
| <i>_____ _____ _____ _____</i> | <i>A papa de trigo mouro gábase a si mesma</i> | ‘dise dunha persoa que se gaba a si mesma’ |
|--------------------------------|--|--|

Isto sucede habitualmente cando non hai un contexto máis amplo que preceda ó proverbio, sobre todo nun diálogo. Ós dous significados do proverbio ruso correspóndenlles, nalgunhas linguas eslavas, dous proverbios diferentes, un dos cales reflicte as connotacións positivas

|          |                                   |                                       |  |
|----------|-----------------------------------|---------------------------------------|--|
| Eslovaco | <i>Dobrá práca sama sa chváli</i> | <i>O bo traballo gábase de seu</i>    | ‘dise con aprobación e en calidade de eloxio cando un traballo ou obra son tan bos que non precisan de recomendacións nin de valoracións alleas’ |
| Checo    | <i>Dobré zbo_í se chváli samo</i> | <i>A boa mercadoría gábase de seu</i> | ‘dise con aprobación e en calidade de eloxio cando un traballo ou obra son tan bos que non precisan de recomendacións nin de valoracións alleas’ |

Marina Kótova

e outro as negativas

|          |                        |   |  |
|----------|------------------------|---|--|
| Eslovaco | <i>Samočvála smrdí</i> | <i>Unha gabanza feita a un mesmo apesta</i> | ‘dise con reprobación dunha persoa que se gaba a si mesma’ |
| Checo    | <i>Samočvála smrdí</i> | <i>Unha gabanza feita a un mesmo apesta</i> | ‘dise con reprobación dunha persoa que se gaba a si mesma’ |

Na lingua bielorrusa, ós dous significados do proverbio ruso correspóndenlle-los pouco usados

|                |  |  |
|----------------|--|--|
| _____ i _____  | <i>A papa de centeo gábase a si mesma</i>                | ‘dise con aprobación e en calidade de eloxio cando un traballo ou obra son tan bos que non precisan de recomendacións nin de valoracións alleas’ |
| _____ i _____, | <i>O ravo gabábase de que, con mel, estaba riquísimo</i> | ‘dise con reprobación dunha persoa á que lle gusta gabarse das súas virtudes imaxinarias’  |

A connotación didáctica apóiase no carácter *aforístico* que é propio non só dos proverbios, senón tamén das palabras aladas e das citas que se usan na lingua con frecuencia. É imperceptible o momento no que as palabras aladas e as citas entran na lingua. As palabras

|               |   |   |
|---------------|---|---|
| _____ , _____ | <i>O que sementes será o que recollas</i> | ‘os resultados das túas accións serán consecuencia destas mesmas’ |
|---------------|---|---|

atribúense a Plauto (*Mercator* 71,72):

*Tibi seris tibi metes*

Noutroira, esta sentenza era un aforismo, logo palabras aladas e agora percíbese polos falantes como un proverbio. Compárese:

|            |                                  |  |
|------------|----------------------------------|--|
| Bielorruso | _____ , _____ i _____            | ‘O que sementes será o que recollas’   |
| Búlgaro    | _____ , _____                    | ‘O que alguén sementa é o que recolle’ |
| Eslovaco   | <i>o si zaseje , to bude _at</i> | ‘O que sementes será o que recollas’   |
| Serbio     | _____ j _____                    | ‘O que sementes será o que recollas’   |
| Ucráino    | _____ i _____                    | ‘O que sementes será o que recollas’   |

O proverbio

|               |                                    |   |
|---------------|------------------------------------|---|
| _____ , _____ | <i>O que non traballa non come</i> | ‘se alguén non achega nada nunha obra, nun traballo, non pode contar con beneficiarse dos resultados’ |
|---------------|------------------------------------|---|

é unha transformación da cita do Novo Testamento “se alguén non quere traballar, que tampouco coma” (2Tes 3,10), pero esa relación non é percibida polos falantes das linguas modernas nas que ese proverbio se usa activamente. Compárese<sup>3</sup>:

|            |                                 |                                     |
|------------|---------------------------------|-------------------------------------|
| Bielorruso | _____ , _____                   | ‘O que non traballa non come’       |
| Búlgaro    | _____ , _____                   | ‘O que non traballa non debe comer’ |
| Checo      | <i>Kdo nepracuje , at’ nejí</i> | ‘O que non traballa, que non coma’  |

<sup>3</sup> Ferro Ruibal (2004: 62-64) analizou as 24 variantes que esta paremia presenta en galego.



|          |                                    |                                    |
|----------|------------------------------------|------------------------------------|
| Eslovaco | <i>Kto nepracuje, nech neje</i>    | ‘O que non traballa, que non coma’ |
| Polaco   | <i>Kto nie pracuje, ten nie je</i> | ‘O que non traballa non come’      |
| Ucraino  | _____ , _____                      | ‘O que non traballa non come’      |

O carácter aforístico, como unha connotación permanente, é un universal paremiolóxico propio de proverbios, máximas, palabras aladas, citas, que son un microtexto, un sistema artístico pechado e rematado, que forma un íntegro predicativo.

En resumo, os universais paremiolóxicos máis destacados do proverbio, como unidade do nivel paremiolóxico da lingua, son as connotacións da súa semántica: “coñecibilidade común”, o seu carácter didáctico e aforístico e a súa identidade funcional coas palabras aladas e as citas.

### 3. Norma paremiolóxica

A cuestión da *norma paremiolóxica* é unha das menos estudadas na paremioloxía. A pesar da cantidade considerable de obras dedicadas á norma lingüística, tanto en estudos rusos como estranxeiros, aínda non están creados os fundamentos teóricos para o establecemento da norma no nivel paremiolóxico da lingua.

Foi nas investigacións dos representantes do Círculo Lingüístico de Praga onde se creou o fundamento teórico da normatividade da lingua. Baixo o concepto *norma lingüística*, tales autores integraban os recursos lingüísticos utilizados con regularidade polo colectivo dos falantes dunha lingua determinada, incluíndo tanto os elementos tradicionais como os novos (B. Havránek, V. Mathesius, A. Jedli\_ka, V. Barnet e outros). Na lingüística rusa existen cando menos dous modos de entende-la norma: a norma é o uso comunmente admitido e a norma é unha regra de uso (D. N. Ushakov, L. V. Scherba, S. P. Obnorskii, V. V. Vinográfov, L. P. Iakubinskii, G. O. Vinokur, B. A. Larin, F. P. Filin, L. I. Skvortsov, Iu. S. Stepánov, V. A. Itskóvich, A. A. Leontiev, V. G. Kostomárov, E. M. Verescháguin, K. S. Gorbachévich e outros).

Nas obras rusas e estranxeiras de paremioloxía e paremiografía, a cuestión da norma paremiolóxica está presente máis ben só de xeito implícito (A. Taylor, M. Kuusi, G. L. Permiakov, Z. K. Tarlánov, J. Krzy\_ anowski, S. Swirkó, J. Mláček, Z. Profantová, D. Bittnerová e F. Shindler, W. Mieder e outros). De por parte, existen unhas cantas obras dedicadas á norma da fraseoloxía dende o punto de vista da tradición fraseográfica (B. S. Shwarzkopf, A. I. Molotkov, A. Ia. Lepeshev, E. Gh. Zhuraev). No entanto, aínda non se pode considerar rematado o proceso de consolidación do concepto teórico de norma fraseolóxica.

A formulación do problema da norma na paremioloxía, no enfoque da tradición paremiográfica, tamén se presenta como especialmente actual, dado o inesgotable interese polos proverbios, as palabras aladas, os aforismos e maila súa descrición lexicográfica.

En relación ós criterios de determinación da normatividade nas unidades lingüísticas, os investigadores sinalan como tales o uso frecuente, a modelabilidade, a difusión, a forma separada e a reproducibilidade das unidades léxicas (fraseolóxicas). Cada un deses criterios é esencial tamén para a determinación da normatividade dunha paremia.

#### 4. Mínimo paremiolóxico

A cuestión dos universais paremiolóxicos e da norma paremiolóxica está directamente vinculada coa teoría do “mínimo paremiolóxico” das linguas que, como xa indicamos, foi elaborada nos anos 70 do século XX polo catedrático moscovita G. L. Permiakov, especialista en linguas orientais. Foi el quen coas súas obras teóricas sobre paremioloxía introduciu na teoría paremiolóxica a noción e a denominación de mínimo paremiolóxico. Aínda en vida deste autor, a teoría obtivo unha realización práctica coa publicación do mínimo paremiolóxico ruso (é dicir, unha lista de paremias rusas). Nesa lista G. L. Permiakov incluíu os cincocentos proverbios e aforismos máis amplamente usados da lingua rusa: a selección destas paremias foi o resultado dun experimento sociolingüístico que se compuña de varias etapas e que durou un período considerable de tempo. Para a realización deste experimento, G. L. Permiakov creou un laboratorio científico que tiña como tarefa a preparación de enquisas paremiolóxicas, a realización de tests de informantes, o traballo coas enquisas xa feitas, etc.

Nas súas obras, G. L. Permiakov expresou a idea de que os mínimos paremiolóxicos das distintas linguas teñen, en xeral, carácter internacional. Testemuño a favor desta hipótese é a tese do carácter internacional do folclore, presentada polo folclorista soviético V. Ia. Propp nos anos 30 do século XX e xustificada por el mesmo con brillantez a través de exemplos de contos máxicos de diferentes pobos de todo o mundo.

Agora ben, G. L. Permiakov tamén sostiña a idea de que cada mínimo paremiolóxico, visto por separado, ten carácter peculiar. Este feito faríase visible ó superpoñer varios mínimos paremiolóxicos. No entanto, ata fins dos anos 90 do século XX, tal superposición resultaba imposible debido á ausencia de mínimos paremiolóxicos doutras linguas diferentes do ruso.

As cincocentas paremias rusas incluídas no mínimo paremiolóxico de G. L. Permiakov serviron de base máis tarde para a creación de dicionarios de proverbios de uso común, que, polo tanto, eran normativos para a lingua rusa: por exemplo, para o dicionario bilingüe de proverbios ruso-búlgaro de S. Vlaghov ou para o dicionario de proverbios ruso-eslavo coas equivalencias inglesas de M. Iu. Kótova (2000).

D. Bittnerová e F. Shindler, baseándose na teoría do mínimo paremiolóxico de G. L. Permiakov e partindo en boa medida da noción de norma lingüística do Círculo Lingüístico de Praga, realizaron un experimento sociolingüístico con material da lingua checa. Como resultado do dito experimento publicaron a lista de proverbios do mínimo paremiolóxico desta lingua. No que respecta a outras linguas eslavas, e nos correspondentes países, aínda está por facer un traballo de similar escala<sup>4</sup>.

Deste xeito, o desenvolvemento da paremiografía como ciencia segue estando influído pola teoría do mínimo paremiolóxico das linguas, teoría que, en realidade, conforma o concepto de norma lingüística na paremioloxía. Os proverbios e aforismos que son de uso común, que son coñecidos por todos e que son reproducibles revélanse mediante a realización de enquisas ofrecidas a informantes durante un experimento sociolingüístico

---

<sup>4</sup> En galego xa se iniciou tamén a detección do mínimo paremiolóxico (Vidal 2003: 70-116).

de varias etapas, co fin de determina-lo mínimo paremiolóxico. Estes proverbios e aforismos forman o corpo paremiolóxico normativo da lingua e chegan a se-lo obxecto principal de descrición paremiográfica en tódolos tipos de dicionarios de proverbios. Sirva como exemplo de tal interpretación do mínimo paremiolóxico o noso dicionario de proverbios ruso-eslavo, no que a busca e selección de equivalencias estranxeiras para as paremias rusas se realizou partindo da normatividade de uso dos proverbios nas linguas correspondentes: véxase o prólogo do meu dicionario (2000).

En publicando este dicionario, a seguinte etapa do experimento sociolingüístico, a etapa de corrección, levou a corrixi-la normatividade dos proverbios estranxeiros seleccionados (bielorrusos, búlgaros, polacos, serbios, eslovacos e checos). Desta maneira, comprobouse unha vez máis a obxectividade dos datos utilizados para a preparación do dicionario. Este feito é especialmente importante para confirma-la selección de proverbios eslavos normativos equivalentes ós proverbios rusos do mínimo paremiolóxico de G. L. Permiakov. Na nosa opinión, tales proverbios eslavos normativos, paralelos ós proverbios normativos rusos, incluíranse na súa integridade nos mínimos paremiolóxicos das linguas eslavas (aínda por determinar).

## **5. Conclusións**

- 1) A fraseografía práctica chegou a ter por obxecto tanto fraseoloxismos como proverbios, e os seus éxitos contribuíron a que a paremiografía teórica e a paremioloxía fosen consideradas como nova ciencia *lingüística* (e non da teoría da literatura);
- 2) cómpre considerar como universais paremiolóxicos unha serie de características inmutables dos proverbios, entre as cales se atopan: a forma sintáctica pechada, de oración terminada, o feito de denominaren unha situación e o dominio do aspecto connotativo na estrutura semántica da paremia, é dicir, o seu carácter didáctico, aforístico e a súa “coñecibilidade común”; desta maneira, “a estrutura semántica do fraseoloxismo e do proverbio correlaciónanse como unha parte e un todo e teñen natureza distinta”;
- 3) a normatividade paremiolóxica supón que as paremias sexan coñecidas pola maioría dos membros do colectivo de falantes dunha lingua dada, que usan os proverbios na forma dunha variante moderna ou dunhas cantas variantes coñecidas por todos eles;
- 4) a noción de mínimo paremiolóxico foi introducida por primeira vez no ámbito científico por G. L. Permiakov, nos anos 70 do século XX, e sentou as bases para o desenvolvemento da teoría do mínimo paremiolóxico. Esta teoría é chave para a codificación dos proverbios normativos, é dicir, daquelas paremias que os investigadores, con base nun experimento sociolingüístico, poidan destacar de entre toda a multitude de proverbios existentes na lingua, fixados en diferentes fontes escritas. Deste xeito, poderán incluílos no mínimo paremiolóxico da lingua, é dicir, na lista de proverbios coñecidos polos falantes da lingua en cuestión nun determinado período histórico.





Marina Kótova